



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00131

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA PARA A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS (PEMES) TURÍSTICAS (DIAGNÓSE ENERXÉTICA A RESTAURANTES E ALOXAMENTO) DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTIÑO OS FOGÓNS DO ANLLÓNS, FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)\_PSTD OS FOGÓNS DO ANLLÓNS (EIXO 2.ACTUACIÓN 8). EXPEDIENTE PCO.001.2024.00131**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

**RESOLVO:**

1. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, adaptado ao Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR), aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 24 de novembro de 2023, e aprobar o prego de prescricións técnicas dos seguintes servizos:

**CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA PARA A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN PEMES TURÍSTICAS (DIAGNÓSE ENERXÉTICA A RESTAURANTES E ALOXAMENTO) DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTIÑO OS FOGÓNS DO ANLLÓNS, FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)\_PSTD OS FOGÓNS DO ANLLÓNS (E2.A8).**

COMPOÑENTE: 14 – Plan de modernización e competitividade do sector turístico

INVERSIÓN: 1 – Transformación do modelo turístico cara a sostibilidade

PROXECTO: Submedida 2: Programa de Plans de Sostibilidade Turística en Destinos

Código de proxecto: 2023.3.81990.3

Eixo 2: Mellora da eficiencia enerxética

Actuación 8: Programa para a eficiencia enerxética en PEMES turísticas (diagnóste enerxética a restaurantes e aloxamentos)

Codificación: E2.A8

nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: A duración do contrato será dun máximo de 7 meses a contar dende a data de formalización do contrato en documento administrativo.

1.3. Orzamento máximo:

A) Orzamento sen IVE:	33.004,15 €
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%:	6.930,87 €
C) Orzamento IVE incluído (A+B):	39.935,02 €

1.4. Valor estimado: 33.004,15 €

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4328/22699, RC 220240024910.1

O contrato finánciase con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU (PRTR) de acordo co establecido no seguinte convenio de colaboración asinado o 09 de outubro de 2022:

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO OS FOGÓNS DO ANLLÓNS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXTGENERATIONEU

2.- Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.